

No presente curso continuaremos utilizando, como libros de texto, o método *Comètes* da editorial Longman en todos os cursos; coa única salvedade de que en 2º de E.S.O. prescindiremos do *Cahier d'exercices*. Deste xeito, a lista de libros de texto é a seguinte:

1º E.S.O. : *Comètes 1. Livre de l'élève. Comètes 1. Cahier d'exercices*. Ed. Longman.

2º E.S.O. : *Comètes 2. Livre de l'élève*. Ed. Longman.

3º E.S.O. : *Comètes 3. Livre de l'élève. Comètes 3. Cahier d'exercices*. Ed. Longman.

4º E.S.O. : *Comètes 4. Livre de l'élève. Comètes 4. Cahier d'exercices*. Ed. Longman.

Ao longo do curso, e sempre en función do avance na programación da materia, proporase aos alumnos a lectura de obras reducidas e adaptadas ao seu nivel de lingua. Este curso os títulos elixidos para cada curso son os seguintes:

1º E.S.O. : *La Tour Eiffel*. Bazyl Solowij. Ed. Longman. Col. Lire et Découvrir.

O gardián da Torre Eiffel acompaña a un grupo de escolares polo interior do monumento. Nas súas páxinas aparecen fotografías de época en sepia e actuais en cor.

2º E.S.O. : *Le Journal de Caroline*. Ed. Longman. Col. Lire et Découvrir.

Esta obra supón un achegamento á realidade das ex-colonias francesas, hoxe en día chamados *départements et territoires d'outre-mer*, a través das vivencias dunha nena caribeña que se ve na obriga de trasladarse á metrópole.

3º E.S.O. : *Une Chambre Bleue*. Prosper Mérimée, adapté par Annette Maxime. Ed. Longman. Col. Lire et Découvrir.

Adaptación do clásico de Mérimée a este nivel. Unha pequena toma de contacto coa literatura francesa clásica.

4º E.S.O. : *Le piège était presque parfait*. Ed. Santillana. Col. Évasion.

Os alumnos farán de detectives, xa que a trama non se resolve ata o último capítulo. Unha nena é raptada de camiño a casa cando saía do instituto; o raptor é coñecido e deixou pistas. Formularanse moitas hipóteses que terán que ser descartadas, ata chegar á verdade.